

ESCUDERÍA SURCO
Bruno Trajano Rivera Pazos
Notifica.gal

Asunto: Resolución de autorización para o XVIII RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO

Número de expediente PO-77/2025

Data realización: 22 de novembro de 2025

Ámbito Territorial: As Neves, Mondariz, Covelo, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Ponteareas, O Porriño, Mos, Redondela e Pazos de Borbén

Logo de ver a solicitude presentada por Bruno Trajano Rivera Pazos en representación da "Escudería Surco", sobre a petición de autorización para a realización da proba deportiva denominada "XVIII Rallie de Regularidade Moucho do Condado" resulta:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na data 17 de setembro de 2025 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia a solicitude para o desenvolvemento da mencionada proba deportiva, o vindeiro día 22 de novembro de 2025, que discorrerá polos concellos de As Neves, Mondariz, Covelo, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Ponteareas, O Porriño, Mos, Redondela e Pazos de Borbén.

Segundo.- O expediente instruíuse coa achega dos seguintes documentos: regulamento, rutómetro, mapa, seguro de responsabilidade civil e accidentes, xustificación da contratación da ambulancia e médico e xustificante de pago da taxa reguladora.

Terceiro.- Os organizadores achegaron informes sobre a viabilidade das probas de todos os concellos polos que discorre a proba segundo a memoria, xunto cos preceptivos informes dos organismos titulares das vías polas que discorre a proba, a Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra, Deputación de Pontevedra, Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia e da Xefatura Provincial de Tráfico.

- Con respecto aos **Concellos** polos que discorre a proba (As Neves, Mondariz, Covelo, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Ponteareas, O Porriño, Mos, Redondela e Pazos de Borbén), os organizadores, achegaron os informes favorables a viabilidade da proba ou da inexistencia de impedimentos para a realización da proba. Cómpre destacar que algúns deles remiten certas prescricións que serán de cumprimento obrigado pola entidade organizadora.

- A **Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra** remitiu, con data 4 de novembro de 2025 un informe no que indica:

"(...) as condicións de circulación e viabilidade das estradas dependentes deste Servizo afectadas, son





aceptables para a celebración da referida proba, na que se deberán observa-las seguintes regras:

1ª.- Cumprirase o artigo 6 da Sección 1ª do Anexo II do R. D. 1428/2003 do 21 de novembro, polo que aproba o Regulamento Xeral de Circulación, referidas ás obrigas dos participantes en probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.

2ª.- Os organizadores da proba non deberán deter a circulación en xeral, dispoñendo de axentes nos puntos principais do itinerario, para que indiquen ós vehículos, que circulen con precaución pola beira do seu lado dereito. Así mesmo considérase conveniente que sexan colocadas sinais de precaución nos pasos do circuíto con outras estradas.

3ª.- A entidade organizadora da proba responderá de cantos danos se poidan ocasionar na estrada ou a terceiros con motivo da celebración da devandita proba, tendo a obriga de arranxar pola súa conta calquera prexuízo que se producira.

4ª.- Calquera variación que se introduza no itinerario ou data de celebración comunicárase a este Servizo coa debida anticipación.

5ª.- Queda terminantemente prohibido empregar algún elemento da estrada para a colocación de anuncios, ben sexan pintados directamente ou superpostos. Débese indicar especialmente a prohibición de pinta-lo pavimento, esta prohibición enténdese estendida a zona de influencia da estrada.

6ª.- As sinais de orientación que compre pintar, serán realizadas con leitada de cal ou outro produto susceptible de ser borrado o mais axiña. Os organizadores da proba deberanse comprometer a facer desaparecer calquera pegada inmediatamente despois de pasada a caravana.

Mesmo poderá esixírselles un depósito a repoñer cando o tiveran feito. Non se permite ningún tipo de pintura na zona de circulación

7ª.- As tarefas de limpeza e retirada de materiais que sexan precisas efectuar despois da proba corresponderalle realízalas ao solicitante/organizador desta.

8ª.- As sancións a que houbera lugar e os gastos que orixinen ó retirar e borra-los anuncios publicitarios, correrán por conta da entidade organizadora e subsidiariamente no seu caso, do anunciante.

9ª.- Este Servizo informa FAVORABLEMENTE a mencionada ocupación e alteración do tráfico, sempre e cando este informe este acompañado da autorización da Policía Local dos Concellos afectados pola proba Deportiva, e esté notificada a D.G.T.”

• A **Deputación Provincial de Pontevedra** remitiu unha resolución con data 5 de novembro de 2025 pola que se autoriza a celebración da proba deportiva que trascorre polas estradas provinciais que se citan no informe e engade:

Dar conformidade ao informe favorable da enxeñeira de zona sobre a realización da proba deportiva “18º RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO” nos Concellos de Pontearreas—As Neves - Crecente, organizada por ESCUDERIA SURCO, que terá lugar o día 22 de novembro de 2025, e autorizar o uso especial das estradas provinciais afectadas pola antedita proba.

A presente autorización non exime de obter os informes e as autorizacións previas das administracións competentes, especialmente as relativas á **xestión de tráfico** (Xefatura de Tráfico ou Concello, segundo corresponda).



Será responsabilidade das e dos promotores e organizadores:

Adoptar as medidas necesarias para garantir en todo momento a seguridade viaria e unha vez finalizada a ruta limpar as estradas afectadas.

Indemnizar calquera dano e/ou prexuízo que se lles provoque a propias ou a terceiras persoas a consecuencia da proba deportiva “18º RALLIE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO” nos Concellos de Pontearreas—As Neves - Crecente.

- **A Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia** dependente do Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible, en relación coa solicitude do evento recibido, emitiu oficio o 17 de outubro de 2025 no que indica que se trasladou informe á Dirección General de Tráfico, como organismo competente para a súa tramitación e autorización, no seu caso.
- A “**Jefatura Provincial de Tráfico**” remitiu un informe con data 27 de outubro de 2025 segundo o cal informan favorablemente a celebración de dita proba e no mesmo indican cales son as prescricións a seguir:

Condicións xerais

“El desarrollo de cada una de las etapas de este evento y, en su caso, secciones deberá ajustarse a las instrucciones específicas establecidas para PRUEBA DEPORTIVA DINÁMICA POR CARRETERA disponibles para su consulta y descarga en la página web de la dirección general de tráfico (<https://sede.dgt.gob.es/es/movilidad/usuarios-excepcionales-de-la-via/eventos-deportivos/solicitud-autorizacion-a-dgt.shtml>). Sobre dichas instrucciones específicas prevalecerá en todo caso las prescripciones particulares de este informe.

El organizador deberá, en todo caso, respetar los servicios de vigilancia dispuestos para todo el evento tal y como se definen en el anexo de puntos de interés de este informe.

El personal auxiliar que conforme a lo declarado por el organizador, cumple con los requisitos establecidos en artículo 13 del anexo II del Reglamento General de Circulación ,aprobado por el Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre y está adecuadamente cualificado para llevar a cabo tareas de orden y control del evento, tal y como establecen los artículos 143 y 5 del anexo II del citado reglamento, solamente estará habilitado para realizarlas en este evento si el organizador lo identifica previamente a través de su nombre, apellidos y número de documento nacional de identidad o equivalente a este, ante la Dirección General de Tráfico con una antelación mínima de 48 horas del inicio del evento.

Dicho envío deberá ser realizado a través de la aplicación informática TRAZA y en ningún caso será necesario que identifique al personal de protección civil o emergencias.



Asimismo, antes del inicio del evento, deberá indicar a los agentes encargados de la vigilancia y control de tráfico, los modelos de distintivos o logotipos del evento que deberán portar los vehículos a motor destinados a tareas de apoyo por la organización para permitir su circulación en el espacio reservado para uso exclusivo de los participantes.

El organizador o persona designada por éste deberá confirmar, el mismo día de celebración del evento, el momento de inicio de cada una de las etapas o secciones diferenciadas del mismo con una antelación mínima de 30 minutos y máxima de una hora al Centro de Gestión de Tráfico de CGT Noroeste, a través del teléfono 981 132116.

Prescripciones particulares

Al tratarse de una Actividad por carretera con carácter competitivo, deberá regirse de conformidad con lo dispuesto en el Real Decreto 1428/2003, de 21 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación, Anexo II, Sección 1ª, sobre Pruebas deportivas.

El organizador de la misma deberá cumplir con la Instrucción 18/TV-101, sobre Instrucciones específicas de regulación de tráfico para el desarrollo de eventos deportivos en vías y terrenos de uso público, y en especial, con la INSTRUCCIÓN ESPECÍFICA PARA PRUEBAS DEPORTIVAS DINÁMICAS POR CARRETERA.

Esta competición se desarrollará respetando las normas y señales de tráfico, por lo que todos los tramos de vía a emplear serán de circulación ordinaria.

Para la realización de los cometidos anteriormente reseñados, la organización deberá contar con los recursos humanos suficientes, compuestos por personal auxiliar de la propia organización debidamente habilitado e identificado conforme a lo previsto en el Reglamento General de Circulación, que actuarán siguiendo las instrucciones que dimanen del director de seguridad o de los agentes de la autoridad. Así mismo, podrán contar con el apoyo de la Policía Local y de Protección Civil. La organización deberá proporcionar los recursos materiales reglamentarios, para garantizar la seguridad vial en los distintos tramos de la actividad, de conformidad con la mencionada INSTRUCCIÓN ESPECÍFICA PARA PRUEBAS DEPORTIVAS DINÁMICAS POR CARRETERA.

Por parte del Subsector de Tráfico de la Guardia Civil, no se prestará servicio específico de apoyo al evento, no obstante, se establecerán servicios de supervisión, que podrán realizarse en cualquier momento, para garantizar el cumplimiento correcto de lo dispuesto en los informes, en la autorización, así como en el resto de la legislación que sea de aplicación.

El Centro de Gestión de Tráfico Noroeste-Cantábrico no observa inconveniente para su celebración ya que no se aprecia impacto desfavorable en la fluidez y seguridad de los desplazamientos a nivel provincial. A fecha actual no constan en LINCE sucesos que afecten al evento.

CONSIDERACIONES LEGAIS E TÉCNICAS



Primeira.- O Real decreto 1640/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de espectáculos públicos. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro (BOE do 17 de setembro), sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos e a súa asignación á entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

Segunda.- Na actualidade, a competencia ven establecida aos directores territoriais en virtude do Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. (DOG 27, Núm. 101, de 27 de maio de 2024).

Terceira.- O Anexo II do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o “Reglamento General de Circulación para la aplicación y desarrollo del texto articulado de la Ley sobre tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, aprobado por el Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo”, establece no seu artigo 2 que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas que se desenvolvan integramente por vías situadas dentro do ámbito territorial dunha comunidade autónoma, corresponderalle a esa comunidade autónoma.

Cuarta.- Que ao tratarse dunha proba deportiva, resúltalle de aplicación a Sección 1ª do citado Anexo II, que ten por obxecto establecer unha regulación da utilización da vía para a realización de probas deportivas competitivas organizadas, debendo cumprir co establecido nos artigos desta sección 1ª (artigos 1 ó 14), así como coas condicións indicadas nos informes emitidos.

Quinta.- Dita proba cumpre co establecido no Anexo I, da Resolución do 20 de xaneiro de 2025, da Dirección General de Tráfico (BOE nº 22 do 25 de xaneiro de 2025), pola que se establecen medidas especiais de regulación do tráfico durante o ano 2025.

Sexta.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 2 de outubro de 2015).

Sétima.- A Lei 20/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG nº 1, do 2 de xaneiro).

Oitava.- O Decreto 98/2020, do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Novena.- O Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas e constitúese o Rexistro de Empresas e Establecementos.

Por todo o exposto, e sen prexuízo doutros permisos e doutras autorizacións de organismos e



administracións públicas que puideran proceder para a realización deste evento e dos que se fai único responsable o organizador do mesmo, e de acordo coas obrigas que establecen os informes preceptivos e vinculantes en relación ás prescricións técnicas requiridas,

RESOLVO

AUTORIZAR a proba deportiva denominada "**XVIII RALLYE DE REGULARIDADE MOUCHO DO CONDADO**" que terá lugar os vindeiros días **22 de novembro de 2025**, debendo cumprir con todo rigor o disposto no Anexo II do Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, as condicións que se sinalan nos informes emitidos polos titulares das vías e polos concellos polos que pasa a proba, no disposto no informe da Xefatura Provincial de Tráfico e nas citadas instrucións específicas para cumprimento do organizador, así como na autorización da Xefatura Territorial en Pontevedra, mencionados nos antecedentes desta resolución.

Contra esta resolución, que non lle pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o Vicepresidente Segunda e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Mediante este documento notifícaselle a **Bruno Trajano Rivera Pazos** en representación de "**Escudería SURCO**", esta resolución, segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra, na data da sinatura dixital
Directora territorial
Blanca García-Señoráns Álvarez

